

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 21 de outubro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SEGUNDO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MÓDULOS PREFABRICADOS PARA FORMACIÓN DE RECINTOS DE ILLAS DE SUPERFICIE DE COLECTORES DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Dase conta á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a mesa de contratación no procedemento aberto para a adxudicación do subministro de **“Módulos prefabricados para formación de recintos de illas de superficie de colectores de residuos sólidos urbanos”**.

A mesa de contratación, na súa reunión do día 16 de outubro de 2014, unha vez valoradas convenientemente as ofertas dos licitadores, elaborou unha lista de licitadores ordenada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida por cada un deles e propón a adxudicación do subministro á empresa **ASÚA BG 96 SL**, por ser a que obtivo a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, resultando a puntuación total obtida por cada un dos licitadores a seguinte:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA	PAZO DE GARANTÍA
SEÑALIZACIÓN Y EQUIPAMIENTO PARA ENTORNOS NATURALES SLU	31.399,62	2 anos
ASUA BG 96 SL	28.888,65	2 anos
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	32.450,00	2 anos

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), acorda:

**Primeiro.-** Clasificar por orden decrecente de puntuación as empresas participantes no procedemento do seguinte xeito:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA
ASUA BG 96 SL	28.888,65
SEÑALIZACIÓN Y EQUIPAMIENTO PARA ENTORNOS NATURALES SLU	31.399,62
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	32.450,00

**Segundo.-** Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar **ASÚA BG 96 SL**, con CIF B-48794929 son as seguintes:

**A.- Prezo:** O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e oito mil oitocentos oitenta e oito euros e sesenta e cinco céntimos **(28.888,65.- Euros)**, sen IVE.

**B.- IVE repercutible:** A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de seis mil sesenta e seis euros e sesenta e dous céntimos **(6.066,62.- €)**

**C. Prazo de entrega dos bens a subministrar:** O prazo de entrega e instalación da totalidade dos bens será de **20 días naturais**, que contarán desde a formalización do contrato administrativo de subministración dos bens.

**D.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa

proposición formulada.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos licitadores.

**Cuarto.-** No prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

- A sinalada na cláusula 7 dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a licitación
- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Documento xustificativo de ter constituída (*en calquera das formas establecidas no artigo 96, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público*) unha garantía definitiva por importe de **1.444,43.- euros**, correspondente ao 5% do prezo de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.
- O adxudicatario deberá aboar ao concello **239,03 €** (BOP) e **935,99 €** (El Correo Gallego) en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

De non presentarse a antedita documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

**Quinto.- Facultar ao señor alcalde, don Santiago V. Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”**

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e dous de setembro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro